

Biografía

César Xosé Mera Rodríguez (A Cañiza – Pontevedra, 07-03-1945) foi elixido Alcalde de A Cañiza no Pleno do Concello celebrado as 11:00 da mañá o día primeiro de febreiro do ano 1.976. Tres anos máis tarde, en maio de 1979, presentouse tamén como candidato á Alcaldía nas primeiras eleccións locais democráticas baixo as siglas do partido Unión de Centro Democrático (UCD), eleccións que ganaría por maioría absoluta. Dende aquela segue sendo o Alcalde da Vila pero dende o ano 1987 pertence ao Partido Popular.

Conta con estudos de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e tamén de Ciencias Matemáticas e Empresariais e antes de pasarse á política adicábase ao ensino.

Dende o ano 1993 ata o ano 2.008 foi senador electo pola provincia de Pontevedra e durante o período 2000 a 2004 presidiu a Comisión Especial sobre a situación das poboacións de montaña no Senado. Formou parte de numerosas comisións na Cámara Alta (Economía e Facenda, Comisión de Orzamentos e Comisión de Industria, Comercio e Turismo). Tamén integrou o Grupo Territorial do Senado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Durante os períodos que van de 1976-1979, 1979-1983 e 1983-1987 foi Deputado Provincial da Excm^a. Deputación de Pontevedra. Vicepresidente da mesma de 1987 ata 1990 e finalmente foi elixido Presidente no ano 1990, cargo que mantivo ata o ano 1.995.

Tamén formou parte do Comité Executivo Nacional da FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) e do seu Consello Federal dende o ano 1991 ata 1995.

Na actualidade leva 32 anos como rexedor da Vila e aqueles que o coñecen destacan entre as súas cualidades como Alcalde as ganas invencibles e incansables de loitar polo progreso da Cañiza e por acadar o máximo benestar para os seus veciños. Un dos éxitos máis importantes acadados ao fronte da Alcaldía foi a posta en marcha do Polígono Industrial Municipal da Vila e a súa expansión e consolidación definitiva que permitiu á economía local dar un xiro vital de progreso nun momento en que parecía que a localidade podía quedar estancada economicamente coa posta en marcha da autovía A-52 das Rías Baixas en decembro do ano 1.998, considerando que un dos pilares da economía da zona era o sector hosteleiro aproveitando o paso da estrada N-120 polo pobo. Outro éxito salientable foi conseguir que A Cañiza contara con dous accesos directos a esta autovía A-52 a menos de 500 metros do casco urbán. Este feito propiciou que a localidade quedara perfectamente conectada coa meseta e a costa e permitiu reducir considerablemente as distancias coas urbes galegas máis importantes.

